

## INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de adxudicación: *SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO DE MANTEMENTO DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO ( ORDENADORES PORTÁTEIS E IMPRESORAS) X LEXISLATURA DO PARLAMENTO DE GALICIA- exp. STI-PA-2/2016*

Valor estimado de licitación do contrato: 96.802,00€ ( dos que 81.802,00€ son para subministración no exercizo 2016 e 3.750€/ano o servizo nos exercizos 2017, 2018, 2019 e 2020)

Duración: 4 anos dende a formalización da acta de recepción da subministración, que terá lugar nos 2 meses contados dende a formalización do contrato.

### Datos do expediente:

- Procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada
- Tramitación ordinaria
- Varios criterios de adxudicación

### Análise da proposta

Recíbese a proposta de adxudicación formulada polo Mesa de Contratación, e asinada polo secretario desta, o Xefe de servizo de Persoal e Réxime interior.

Examinado o expediente e o seu iter procedimental:

- ✓ Que se lle deu a publicidade preceptiva aos pregos, convocatoria, mesas.
- ✓ Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as mesas de contratación
- ✓ Presentouse un só licitador: Sivsa, soluciones informaticas, S.A.U.
- ✓ A oferta económica do licitador consiste nun prezo de subministración de 74.544,84€ de valor estimado ( 90.199,26€ con iva incluído) e cero euros polo servizo de mantemento nos 4 anos, xunto cun stock de 6 unidades para garantir tempos de resposta e outras melloras conformes coas previstas nos pregos.
- ✓ Que visto que o licitador cumpría os requisitos esixidos e a súa proposición do sobre B axustábanse aos pregos, unha vez ponderados os criterios que debían aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario así como a clasificación destes, tendo en conta que se trataba dun só licitador, requiriuse pola mesa de contratación ao licitador para aportar a documentación precisa para a adxudicación.
- ✓ A Mesa de contratación examinou a documentación presentada polos indicados licitadores, incluída a garantía do 5% do valor estimado e abono dos anuncios, estimándose correcta.

Examinada a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación á Mesa do Parlamento a favor de SIVSA, SOLUCIONES INFORMATICAS, SAU, FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Lémbrese que a adxudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A adxudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarase nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asemade deberá ser obxecto de publicación

De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberase comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do fin do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 ( Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 30 de novembro de 2016

A interventora